

PROXECTO DE FOMENTO DO USO DA LINGUA GALEGA

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

I.E.S NOSA SEÑORA DOS OLLOS GRANDES

LUGO

2017-2018

INTRODUCCIÓN

O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 5, define o galego como lingua propia de Galicia, e, polo tanto, como lingua oficial no ensino, en todos os niveis educativos.

O fomento do uso galego na escola é un dos obxectivos prioritarios dos centros escolares da nosa comunidade, xa que, tal e como se especifica no artigo 14 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, ao remate do ensino obrigatorio, ha de garantirse a igualdade na competencia lingüística nos dous idiomas oficiais.

Polo tanto, é necesario reforzar a dimensión comunicativa do galego en relación cos contextos vivos, facilitándolle ao alumnado unha oferta educativa que o axude a percibir a utilidade da lingua e que os capacite para o seu uso correcto e eficaz.

O IES “N. S. Ollos Grandes” é un centro público de educación secundaria que está situado no centro da cidade de Lugo. Foi o Instituto de Ensino Medio Feminino ata o fin da educación segregada por sexos e é, daquela, un dos institutos de máis longa tradición da nosa cidade.

No presente curso están funcionando 33 unidades de ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos e contamos con 850 alumnos e 79 profesores. O centro oferta un Ciclo Medio de Ensinanzas Deportivas e Atletismo e un Ciclo Superior de Animación de Actividades Físicas e Deportivas.

Na actualidade o instituto acolle alumnado que, na súa meirande parte, ten a súa residencia no centro ou en zonas novas de expansión da cidade onde predomina unha poboación xove e de localidades próximas de carácter rural e semi-rural.

O noso alumnado de ESO procede dun colexio urbano, o CEIP Anexa de Lugo; dun colexio dunha zona semi-rural, o CEIP “Manuel Mallo Mallo” de Nadela e dun colexio de Portomarín con predominio de galegofalantes, o CEIP “Virxe da Luz”. O alumnado de Bacharelato que non cursou a ESO no noso centro (aproximadamente un 50%) procede na súa meirande parte de colexios concertados relixiosos do centro da cidade, cunha alta porcentaxe de falantes de castelán.


BREVE ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO

É evidente a necesidade de revisar os resultados das enquisas realizadas a finais do curso 2010-2011. Cómpre, polo tanto, realizar un estudo sociolingüístico neste curso e a conseguinte actualización do Plan Lingüístico de Centro.


Expóñense aquí as conclusións xerais, sendo posible consultar máis polo miúdo os resultados desta análise no Anexo I adxunto no proxecto.

❖ A CONTORNA SOCIOLINGÜÍSTICA


Para determinar a lingua predominante na contorna do noso centro partimos de preguntas sobre o emprego e razóns para usar o galego ou castelán.



Razóns para falar en castelán






Débolle falar en galego ao meu interlocutor (se comprende galego) aínda...




❖ A SITUACIÓN DO ALUMNADO

- Considérase que a lingua habitual da meirande parte do alumnado é o castelán.
- O castelán predomina tamén como lingua habitual das familias.
- No ámbito escolar predomina o castelán como lingua habitual.
- A competencia comunicativa que traen da etapa anterior é aceptable.
- A actitude do alumnado cara á utilización do galego no ámbito educativo é indiferente.
- A actitude do alumnado cara á normalización social do galego é indiferente.
- Vemos unha importante perda xeracional da lingua galega: os avós úsana, os pais utilizan galego e castelán, e os alumnos só castelán e especialmente para relacionarse.

- Chama a atención que aínda asocian á Igrexa, e á Administración coa lingua castelá.










❖ A SITUACIÓN DO PROFESORADO

Un dos obxectivos que se pretende acadar é o da mellora da situación actual de uso da lingua galega, intentando incrementar a súa porcentaxe de uso. A situación do profesorado é moi diversa, tendo en conta o elevado número de profesores e que imparten disciplinas moi variadas. Porén, a disposición cara á nosa lingua ten máis que ver coa persoa que coa orixe de nacemento ou disciplina impartida.

- A lingua predominante entre o profesorado é o castelán.
- A capacidade do profesorado para empregar o galego na actividade docente é moi alta.
- A actitude do profesorado cara á normalización social do galego é favorable.







❖ A SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO

- Constatamos que a documentación administrativa interna (comunicados, taboleiros, información por megafonía, etc) reproducése en lingua galega ao 100%.
- O emprego da lingua galega nas interaccións co alumnado, coas familias e con outras institucións é ampla.

- O emprego da lingua galega nas interaccións co alumnado en contextos informais é moderado.
- Así mesmo, nas reunións da comunidade educativa (claustro, comisións, etc.) tamén a lingua galega é o medio de información.
- Os boletíns informativos son editados en lingua galega.
- O persoal non docente utiliza a lingua galega amplamente.
- Pode ser mellorable quizais, nalgún caso, a calidade lingüística, para o que o equipo de dinamización está e estará a disposición de calquera persoa da comunidade educativa.

OBXECTIVOS

❖ OBXECTIVOS ADECUADOS Á CONTORNA SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO

- Acadar a mellora da situación actual de uso da lingua galega tentando incrementar a súa presenza xa que, como centro urbano, a lingua predominante de relación é o castelán.
- Valorar a cultura da cidade na que viven os membros de comunidade educativa.
- Apreciar o patrimonio literario propio como expresión da nosa cultura, partindo do coñecemento daqueles persoeiros que colaboraron ou colaboran na formación da nosa historia e cultura.
- Favorecer a adquisición de actitudes positivas cara á lingua, establecendo vínculos entre o Instituto e a sociedade.

❖ OBXECTIVOS ADECUADOS Á SITUACIÓN DO PROFESORADO

- Valorar a lingua galega como feito cultural e como lingua de comunicación independentemente da área ou materia que se imparte.
- Acadar a mellora da situación actual de uso da lingua galega tentando incrementar a súa presenza non só como lingua de relación profesional, senón tamén persoal.

- Apreciar a importancia do noso patrimonio literario como expresión da nosa cultura.
- Favorecer a adquisición de actitudes positivas cara á lingua.
- Superar prexuízos sobre o uso da lingua en certos ámbitos.
- Tentar a mellora da calidade no uso da lingua escrita e oral.
- Colaborar na medida posible cos equipos de ciclo e departamentos do centro.
- Compartir actividades con outros equipos, así como o uso do blog co Equipo Dinamizador da Biblioteca.
- Colaborar con outras institucións que teñan plans de potenciación e fomento do uso do galego.
- Empregar o galego nas actividades complementarias e extraescolares organizadas polo centro.
- Asesorar ao profesorado, informando sobre materiais e recursos existentes en galego, tanto bibliográficos como enderezos e páxinas web.

❖ **OBXECTIVOS ADECUADOS Á SITUACIÓN DO ALUMNADO**

- Favorecer a adquisición de actitudes positivas cara á lingua, especialmente mediante o aprecio e valoración do noso patrimonio literario, cultural e natural.
- Fortalecer a asociación da lingua galega con actividades lúdicas.
- Valorar a riqueza do plurilingüismo.
- Procurar que o alumnado que ten como lingua familiar o galego non o abandone na vida escolar.
- Integrar lingüística e culturalmente ao alumnado inmigrante.
- Aplicar as TIC para o acceso á información en lingua galega e como medio de expresión.
- Concienciar ao alumnado da utilidade do coñecemento da lingua galega en todos os aspectos da vida cotiá.
- Evitar o emprego sexista do noso idioma en todos os ámbitos.
- Dotar de suficientes materiais didácticos e recursos en galego de calidade.

❖ **OBXECTIVOS ADECUADOS Á SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO**

- Promover que na documentación interna a lingua de comunicación sexa sempre a galega.
- Coñecer a realidade lingüística do alumnado, profesorado, persoal non docente e mesmo da contorna familiar do alumnado.
- Promover que nas reunións da comunidade educativa tamén se utilice de forma habitual o galego e se vaia mellorando en calidade.
- Promover que todos os boletíns informativos estean sempre en lingua galega.
- Incluír aos pais no abano dinamizador organizando actividades, conferencias e outras actividades de interese para eles en lingua galega.
- Favorecer a actuacións de grupos musicais ou teatrais en galego.
- Fomentar o uso do galego nas TICs (blogs, páxinas web, etc).
- Colaborar con outras institucións e centros educativos nas actividades que teñan como fin a promoción do uso do galego.
- Colaborar coa Biblioteca do centro para a consulta de libros culturais de Lugo, contos, etc... en galego.
- Establecer vínculos entre o instituto e entidades e asociacións externas ao centro.
- Colaborar con outros centros educativos no deseño da planificación lingüística e na realización de actividades dinamizadoras.
- Utilizar os programas europeos no deseño da planificación lingüística do centro.

ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Unha das palabras clave deste Proxecto é a **colaboración**. Colaboración para sumar esforzos nun obxectivo común; colaboración para que os froitos deses esforzos cheguen máis lonxe. Este equipo pretende que as actividades de dinamización da lingua galega impliquen a toda a comunidade educativa, polo que trataremos de traballar en colaboración con todos os sectores: alumnado, profesorado, persoal non docente e a ANPA.

Vén sendo xa habitual no instituto o traballo conxunto para actividades concretas co Departamento de Lingua Galega e Literatura, e co Equipo da Biblioteca; tamén cos Departamentos de Educación Física, Música, Filosofía, etc. cara á organización de actividades. Tamén tentaremos aproveitar as actividades que realiza o profesorado e o alumnado no marco do Proxecto Europeo de Centro para dar a coñecer aos estranxeiros recibidos o noso idioma e a riqueza que ten. Asemade, buscamos abrir o noso abano ao resto da sociedade, polo que temos a intención de comezar unha colaboración frutífera con outros EDLG: este curso teremos **actividades conxuntas co EDLG da EPA de Lugo e o I.E.S Moncho Valcarce de As Pontes.**

Máis aló do ámbito académico, buscaremos a colaboración de todo tipo de institucións: o Concello, a Deputación de Lugo, a Fundación TIC, Museo Provincial, Administración de Xustiza ou o Padroado da Casa Museo de Manuel María son algúns exemplos.

Por outra parte, a Real Academia Galega, na súa introdución ás Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego ten como principio a referencia á lingua portuguesa na escolla normativa e tamén a valoración da contribución do portugués peninsular e brasileiro á hora de buscar solucións normativas. Xa que logo, buscaremos, coa colaboración do Departamento de Lingua Portuguesa, un achegamento á realidade lingüística e cultural de Portugal.

Así, as propostas para este **curso académico 2017-2018** son as seguintes:

1. Creación dun recuncho de dinamización galega (setembro-outubro) no corredor principal do instituto -lugar visible a toda a comunidade-, co obxectivo de difundir concursos e gañadores, actividades, fotografías de traballos, festexos, notas de prensa de interese, axenda cultural do Concello de Lugo e da provincia, etc. Toda a comunidade pode colocar todo aquilo que consideren oportuno sempre e cando sexa a prol do idioma e cultura galega.

2. Actualización do Blog (anual) “A nosa lingua na rede”. <http://edlgollosgrandes.wix.com/edlg> como medio de presentación das actividades e de interactuar cos usuarios. O obxectivo é facer unha comunidade on-line de seguidores e colaboradores onde se publiquen todas as actividades

que se realizan non só no instituto se non tamén na cidade, provincia e comunidade. Tamén sería unha referencia de bibliográfica e cultural galega. O correo a empregar para todos os temas do equipo será edlgollosgrandes@gmail.com

3. Crear Facebook de DLGA como medio para o intercambio de mensaxes co alumnado, medio para publicar noticias relacionadas co idioma e a cultura galega e e medio para difundir as actividades do propio centro.

4. Exposición de Xoán Montes. Paneis informativos con motivo do 125 aniversario da canción/poema Negra Sombra (outubro-novembro) en colaboración co Departamento de Música e o Coro Solo Voces (Lugo). (Para toda a comunidade educativa)

5. Celebración do Samaín (novembro) en colaboración co departamento de Educación Física (TFAD). Realizarase un concurso de decoración de aulas ademais de disfraces e lendas que serán seleccionadas e premiadas. Posteriormente, subiranse ao blog de dinamización galega. Tamén se expoñerán non só as lendas se non tamén fotos do día no recuncho creado co obxectivo de darlle a máxima difusión a nosa tradición galega xa que se trata dunha aproximación cultural e lúdica característica das antigas sociedades agrícolas europeas. (ESO)

6. Visita á casa da escritor Otero Pedraio (Ourense)

7. Concurso de narrativa breve en galego (outubro-novembro). Actividade proposta polo Equipo de Biblioteca. (1º e 2º da ESO)

8. Día de Violencia de Xénero: unidades didácticas para traballar en titoría (Departamento de Orientación), charlas de concienciación (Departamento de Filosofía) e creación de marcapáxinas con lemas en galego expostos no corredor principal (panel de galego) xunto a un lazo con fotografías alusivas á temática.

9. Creación de “Tarjetas de Nadal” (decembro) para expoñelas na árbore navideña. Traballarase en coordinación co equipo da biblioteca, Departamento de Plástica e titores. (Todo o alumnado)

10. Obradoiro para a elaboración do Belén (decembro), exposto na entrada principal do instituto realizado con materiais de refugallo, material funxible, etc... Colabora toda a comunidade educativa.

11. Nomear o salón de actos e biblioteca do centro educativo (xaneiro) con artistas relacionados coa cultura galega. Estas serán propostas pola equipo de dinamización e votadas pola comunidade educativa.

12. Exposición e decoración das portas das aulas co gallo do día da paz onde se reflectan debuxos, graffittis, cómics... xunto a frases alusivas a linguaxe non sexista e a comunicación non violenta (xaneiro). Colaboración coa Departamento de Plástica, Dpto de Galego, Biblioteca e Plan Proxecta Aulas I+I e Plan Proxecta Convivencia. O propio día tamén se fará recitado de poemas e incluso un alegato á paz en galego. (ESO)

13. Entroido: festexo do día a través de disfraces e concursos, colaboración da Biblioteca. (Toda a comunidade educativa)

14. “Dillo en galego” (febreiro). O día dos namorados é un día perfecto para mostrar agarimo na nosa lingua. Realizarase unha exposición de frases en galego e en colaboración co departamento de Economía. O alumnado (4º ESO) creará rosas con gominola que repartirán xunto cunha nota en galego á persoa á que vai dirixida (actividade “*Creación dunha empresa*” con beneficios para donar a unha organización).

15. O galego tamén namora: concurso de curtas con palabras en deshuso galegas alusivas ao aprecio, amor, cariño, etc...

16. Visita ao xulgado: Colaboración do departamento de Filosofía e cos Xulgados de Lugo. Achegamento a ámbitos onde a presenza da lingua galega non é aínda a desexable. Dirixido ao alumnado de 1º e 2º de Bacharelato.

17. Rutas literarias. Colaboración co departamento de Galego e co Museo Provincial de Lugo a prol da lectura en galego. Participación do alumnado de 2º ESO. Preténdese achegar o noso alumnado á nosa bagaxe cultural e aos nosos escritores.

18. Día do libro (abril): Neste día a biblioteca abre as súas portas e colócanse os libros por todo o centro: corredores, chanzos, patio... para que os alumnos poidan ler libremente. Ademáis, o alumnado leerá por megafonía (durante toda a mañá) fragmentos de libros, poesías...

Os libros ocupan todos e cada un dos recunchos do centro, polo que o Equipo de Biblioteca e o EDLG intentamos que haxa material variado e en galego. Ademáis o centro está a disposición das familias que queiran achegarse.

19. Kahoot: elaboración de varios kahoot (aplicación tipo test on line para respostar a través do móbil) co obxectivo de relacionar escritores galegos coas súas obras, argumentos e obras, personaxes característicos e obras, etc.

20. Semana das Letras Galegas

- Izado da bandeira na entrada do instituto xunto o recuncho de ENDL e alegato ao idioma e cultura galega (1º ESO).
- Actuación dun grupo de alumnos para tocar e cantar o himno galego. (Departamento de Música, alumnado 3 ESO).
- Lectura de fragmentos da autora homenaxeada (2º da ESO).
- Traballo con códigos QR onde se reflicte a bibliografía e obra de Victoria Moreno Márquez. (4º ESO).
- Intervención da Institución Amiga Cie Nodus nos actos da Semana das Letras Galegas (Participación ESO).

21. Publicación da **revista Tempus das Letras** onde se recollen as actividades realizadas polo alumnado e profesorado así como colaboracións de centros, institucións e persoas invitadas. A publicación será dixital e, se o orzamento o permite, tamén se editará en papel. Esta nace por ser un vehículo excepcional de colaboración de todos os membros da comunidade educativa e da sociedade nun sentido máis amplo. Servirá de plataforma así mesmo para dar a coñecer traballos e premios ao alumnado.

22. Participación no Correlingua. Procuraremos que o alumnado de 1º ESO e o seu profesorado se involucren nesta actividade lúdica e reivindicativa. A súa realización supón a posibilidade de relacionarse con compañeiros doutros centros e para o profesorado acompañante a posibilidade de establecer colaboracións e compartir experiencias.

23. Participación do centro educativo no concurso de **Vídeo Correlingua: a lingua non para.** (prazo de inscrición remata o 1 de febreiro)

24. Colaboración cos centros adscritos de Primaria para a xornada de portas abertas, onde se preparan actividades lúdicas (a cargo do Departamento de Educación Física).

25. Colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela (USC) para unha xornada informativa de portas abertas dirixida ao alumnado de 1º e 2º de BACH para o acceso á mesma.

26. Colaboración anual co Lucus Augusti a través do Plan Proxecta Aulas I+I compartindo conferencias e actividades lúdicas dirixidas a toda a comunidade educativa onde prima a inclusión (ESO).

27. VII Premio Institución Amiga Cei Nodus pola súa colaboración constante con noso centro e pola promoción económica da cidade e o apoio á posta en marcha de novas iniciativas empresariais. Esta será invitada a intervir nos actos da Semana das Letras Galegas.

28. Xornadas de acollida aos alumnos e profesores **estranxeiros** pertencentes a Programas Europeos.

29. Estudo sociolingüístico da contorna: enquisas anónimas dirixidas pa toda a comunidade educativa.

MEMBROS QUE CONFORMAN O EDLG 2017-2018

Coordinadora:

Susana Fernández Carreira (Departamento de Orientación)

Profesorado:

Ramón Cando Vázquez (Departamento de Filosofía)

Yolanda Espiñeira Martínez (Departamento de Filosofía)

Ana María López Cela (Departamento de Tecnoloxía, Secretaria)

Carmela Mendo Rivero (Departamento de Educación Física. Ciclos Formativos)

Francisco Javier Núñez Aguado (Departamento de Economía. Vicedirector)

Mar Neira González (Departamento de Economía)

Juan Manuel Núñez Rodríguez (Departamento de Educación Plástica)

María Aurelia Vázquez Vázquez (Departamento de Relixión)

Juan Carlos García Lorenzo (Departamento de Inglés)

José Antonio García Martínez (Departamento de Lingua Castelá)

Miguel Díaz Valdés (Departamento de Música)

Alumnado:

Nuria González Ríos

Ana Abelleira Amigo

Yago Atadell Martínez

Manuel Alonso Cousido

Xurxo Morales Varela

Ández Sánchez Penas

Marta Maire Barreiro

Alda Sandor Casal

Carmen Victoria González Fdez

Sara Buján Souto

Sandra López Castro

Alba López Bruzos

Andrea López Castro

Todo o grupo participante está matriculado en 3º ESO A

Persoal non docente:

Pilar Gude Abelairas

María Victoria Ares Amil

Jesús López Gandoy

María Concepción Lozano Courtier

Juan Ignacio García Rebolo

María Luisa Rodríguez Reija

Comprometémonos a desenvolver as actividades programadas que figuran neste proxecto no caso de obter o financiamento solicitado.

Lugo, a 13 de outubro de 2017

A Coordinadora do EDLG

O Director

Susana Fernández Carreira

Xosé Ramiro Gayoso Neira

ANEXO I. BREVE ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO

CONTORNA SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO

SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO ALUMNADO

O **test sobre prexuízos lingüísticos** realizado a fins do curso **2010-2011** confirma os resultados das diferentes enquisas realizadas en cursos anteriores. Inclúense tentando que as nosas actuacións melloren a autoestima lingüística:

Rodea cun círculo o número da resposta que consideres correcta:

1) Cal é a lingua máis falada en Galicia?

1. O galego 2. O castelán e o galego, por igual 3. O castelán

2) O galego é a lingua con menor número de falantes de Europa.

1. Hai bastantes linguas con menos falantes

2. Non. O letón ten aínda menos falantes

3. Si

3) En Europa:

1. Hai moi poucos estados monolingües

2. Aproximadamente a metade dos estados son monolingües

3. A maioría dos estados son monolingües

4) Hoxe en día o inglés é a lingua internacional porque:

1. É a lingua do país máis poderoso do mundo

2. É a lingua máis fácil de aprender

3. É a que ten o vocabulario máis rico

5) Se marchase para Cataluña iría a clases de catalán:

1. Por suposto

2. Só se fose a quedar un período longo

3. En ningún caso

6) Os exames de galego nas oposicións son un xeito de eliminar xente, coa cantidade de opositores que hai:

1. Case nada de acordo

2. Bastante de acordo

3. Totalmente de acordo

7) Se se desen en galego tódalas materias, non poderían vir estudar aquí rapaces doutras comunidades:

1. Irían adaptándose pouco a pouco

2. Estarían en desvantaxe con respecto ós demais

3. Se viñesen, suspenderían todo.

8) A xente de fóra que vén a Galicia debe aprender galego:

1. Si, sempre 2. Se veñen como turistas, non 3. Non, en ningún caso

9) Os nenos que aprenden a falar en dúas linguas:

1. Aprenden a falar as dúas sen dificultades.

2. Sempre falan mellor unha ca outra.

3. Non falan ben ningunha das dúas.

10) Se queremos protexer unha lingua débil (dominada) é necesario que sexa a lingua do ensino:

1. Case nada de acordó 2. Bastante de acordo 3. Totalmente de acordo

11) Eu falo castelán/galego porque quero. A min ninguén me obrigou a escoller unha lingua ou outra:

1. Case nada de acordo 2. Bastante de acordo 3. Totalmente de acordo

12) Eu creo que a sociedade evolucionou cara ó castelán e o que non podes é impoñer falar galego:

1. Case nada de acordo 2. Bastante de acordo 3. Totalmente de acordo

13) En Galicia o galego e o español conviven sen ningún problema.

1. Case nada de acordo 2. Bastante de acordo 3. Totalmente de acordo

14) Os políticos son os responsables do futuro do galego:

1. Só en parte 2. Maioritariamente 3. Exclusivamente

15) Sempre debes de falar o idioma que che están falando: Se che falan en castelán debes contestar en castelán.

1. Case nada de acordó 2. Bastante de acordó 3. Totalmente de acordo

16) Para falar galego e falalo mal prefiro falar castelán.

1. Depende do contexto 2. Case sempre 3. Sempre

17) O galego constitúe unha ameaza para o mantemento do español.

1. En absoluto

2. Se seguen aumentando as medidas a favor do galego, si


3. Si, cada vez máis

Conclusións


Lingua máis falada en Galicia




O galego é a lingua con menor número de falantes...




Se marchase a Cataluña iría a clases de Catalán




Os nenos que aprenden a falar en dúas linguas



A sociedade evolucionou cara ó castelán e o que non podes é impoñer falar...



Se che fan en castelán debes contestar en castelán



Analizando os datos sobre o uso do idioma galego segundo o lugar de residencia, a distribución social nas familias, o nivel de estudos, o desequilibrio e restrición de ámbitos de uso (familia, amigos, etc.) indica que a radiografía sociolingüística en xeral é que siguen existindo moitos prexuízos, pensamento que aumentan cos anos.

A enquisa realizada foi a seguinte, un pouco máis completa que a presentada no libro *Guía Práctica para a Planificación Lingüística nos Centros Educativos* (2007) da Secretaría Xeral para a Planificación Lingüística da Xunta de Galicia:

A. Na túa familia, que lingua empregan? (G/C/G-C).

Os teus avós.

Os teus pais entre si.

Os teus pais contigo ou viceversa.

Os teus pais con outros parentes, con veciños.

Ti cos teus irmáns ou viceversa.

B. No teu grupo de relación, que lingua se emprega?

Para falardes entre vós.

Para falardes con outros/as.

Para animardes o equipo, xogadores, ciclistas, etc. Favoritos.

Para dirixirvos aos profesores.

C. A casa, barrio ou a rúa onde vives,

Está no centro.

Está próxima ao centro.

Está un pouco separada do centro, mais non tanto como para tomar o autobús.

Está bastante lonxe do centro, hai que tomar un autobús.

Está nas aforas.

Vivo nunha vila.

Vivo nunha aldea.

D. Ti observas a xente da túa rúa na súa vida diaria (compras, charlas cos amigos, atendendo un cliente, etc.) e decátaste de que falan:

Sempre castelán, independentemente do interlocutor.

Sempre galego, independentemente do interlocutor.

Alternan: por veces galego, por veces castelán, depende do interlocutor.

E. Se tiveses que indicar cinco persoas da túa rúa, barrio, etc. significativas do uso dunha ou doutra lingua, ¿a quen sinalarías? Non uses nomes, di só o seu traballo:

GALEGO

CASTELÁN

1.

2

3

4

5

F. ¿Que lingua empregarías para...?

Explicar o uso dunha máquina de facer xeo.

Dirixir unha novena a Sta. Rita bendita.

Facer a publicidade dun novo produto adelgazante.

Reclamar á Facenda Pública a devolución duns cartos.

Indicar a ubicación dunha rúa a alguén que non a sabe.

Responder no exame de Selectividade.

Insultar a alguén.

¿Por que?



G. Estás de acordo coas seguintes afirmacións?

-O galego é apto para tratar todo tipo de asuntos.


-O galego non debería aparecer nos documentos oficiais (instancias, solicitudes, Renda, etc.).

- A única lingua oficial de Galicia debería ser o galego.
- O galego é o sinal básico e máis forte da nosa identidade nacional.
- Todas as actividades (relixiosas, xudiciais, comerciais, medios de comunicación, etc.) que se realicen en Galicia deberían facerse en galego.
- Todos os galegos deberían preocuparse por coñecer a fondo a súa lingua.
- Máis importante que saber galego é saber inglés ou francés.
- Débolle falar galego ao meu interlocutor (se comprende o galego) aínda que el non o fale.
- En Galicia o ensino (agás nos idiomas) debería ser todo en galego.


Conclusións



Razóns para falar en castelán



Débolle falar en galego ao meu interlocutor (se comprende galego) aínda que el non o fale?



SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO PROFESORADO

Un dos obxectivos que se pretende acadar é o da mellora da situación actual de uso da lingua galega intentando incrementar a súa porcentaxe de uso. A situación do profesorado é moi diversa, tendo en conta que son case cen profesores que imparten disciplinas moi variadas, porén, a disposición cara a nosa lingua ten máis que ver coa persoa que coa orixe de nacemento ou disciplina impartida.


Conclusións:

- A lingua habitual do profesorado é o castelán.
- Respecto á capacidade do profesorado para empregar o galego na actividade docente concluímos que é media.
- A disposición do profesorado para facer cursos de reciclaxe e actualización co obxectivo de acadar unha capacidade axeitada é moderada.


- A actitude do profesorado cara á normalización social do galego coído é máis favorable ca desfavorable.

Con data 26 de xuño de 2009 aplicouse o cuestionario para o profesorado que figura na *Guía Práctica para a Planificación Lingüística nos Centros Educativos*(2007) da Secretaría Xeral para a Planificación Lingüística da Xunta de Galicia. Os resultados son os que seguen, unha vez aplicada a fórmula para a media aritmética:


Que lingua empregas habitualmente?



Como consideras a túa capacitación para empregar o galego na actividade docente?



Cal é a túa disposición a facer cursos de reciclaxe e actualización co obxectivo de acadar unha capacitación axeitada?




Valora os seguintes enunciados xenéricos rodeando cun círculo a opción elixida, tendo en conta a seguinte escala:

1. As matemáticas pódense aprender en galego: 4´09


2. O uso do galego establecido na lexislación educativa é necesario: 3´9

3.O ensino en galego axuda a aumentar o prestixio social desta lingua. 4´09



Valora os seguintes enunciados xenéricos rodeando cun círculo a opción elixida, tendo en conta a seguinte escala:

1. En Galicia debería usarse máis o galego: 4´31
2. A adquisición de dúas (ou máis) linguas enriquece: 4´6
3. O galego é unha lingua axeitada para os videoxogos: 4´03
4. A lingua galega debe ser fomentada socialmente. 4´34



Conclusións

Se ben o profesorado considera moi importante a utilización da nosa lingua, a súa disposición a facer cursos de reciclaxe e actualización non é moi alta, como se pode extraer da enquisa. En xeral, posúen un dominio equilibrado de ambas lingua (castelán e galego).

SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO.

AMBIENTALIDADE LINGÜÍSTICA.

- Constatamos que a documentación administrativa interna (comunicados, taboleiros, información por megafonía, etc.) reproducése en lingua galega de forma ampla.
- O emprego da lingua galega nas interaccións co alumnado, coas familias e con outras institucións é ampla.
- O emprego da lingua galega nas interaccións co alumnado en contextos informais é moderado.
- Así mesmo, nas Reunións da Comunidade Educativa (Claustro, Comisións, etc.) tamén a lingua galega é o medio de información .
- Os Boletíns informativos son editados en lingua galega.
- O persoal non docente utiliza a lingua galega tamén amplamente.
- Pode ser mellorable quizais nalgún caso a calidade lingüística para o que o Equipo de Dinamización estará e está a disposición de calquera persoa da comunidade educativa.